

galiza

a patria común



Caderno conmemorativo
en homenaxe a Moncho Reboiras

Galiza, a patria común

Caderno conmemorativo
en homenaxe a Moncho Reboiras

© Unión do Povo Galego
Avenida de Lugo, 219, 1º
15703 Santiago de Compostela - Galiza
www.uniondopovogalego.org
upg@uniondopovogalego.org

© Texto biográfico: Uxío-Breogán Diéguez
Ilustración de cuberta: Xosé Lois Vázquez
Deseño de interior: Sabela Montero

D.L.: C-2027-2005
Impreso en Galiza

Contido

- Reboiras, un organizador colectivo** **5**
Xosé Ramón Ermida Meilán
- Xosé Ramón, “Moncho”, Reboiras,** **13**
a pegada inmorredoira.
Unha achega biográfica
Uxío-Breogán Diéguez
- Poema/homenaxe** **41**
a Xosé Ramón Reboiras Noia
Manuel María
- Compañeiro Moncho** **45**
Lois Diéguez

Reboiras, un organizador colectivo

As diferentes achegas á figura de Xosé Ramón Reboiras son tan diversas como as motivacións que se agochan tras cada unha delas. Hai quen quere ver en Moncho unha sorte de santo laico na procura do martirio, a fin de atopar nutrientes para alimentar aventuras e sementar mundos imaxinarios cos que engaloiar mentes infantís ou dar xustificación a fracasos pasados. Outros, pola súa banda, ofrécennos un Reboiras idealizado, sen ter en conta as circunstancias políticas nas que lle tocou militar, coa intención de lexitimar/explicar unha práctica que convertería ao nacionalismo nunha anécdota no plano histórico. Hainos, tamén, que se esforzan en vender ao noso camarada como un aventureiro fanatizado, nunha sorte de ecuación coa que se pretende criminalizar ao nacionalismo de hoxe. E podíamos seguir con aqueles outros que buscan explicacións conspirativas na súa morte, para agochar a súa falla de compromiso e consecuencia na loita contra o franquismo; sen esquecer aos “orgánicos” da táboa rasa que acreditan que o nacionalismo é politoloxía e máis marketing. Alén

disto, están os que tratan de dar conta dos feitos históricos, con contraste e contextualización. O traballo biográfico que se publica neste caderno pensamos que é merecente da vosa atención, pois responde a estes criterios.

Non sería honrado pretender situar as miñas reflexións sobre a figura de Moncho Reboiras no plano dunha pretendida asepsia científica ou na orde da neutralidade intelectual de quen di repasar feitos desde a lonxanía e que non toma partido. Agora ben, unha cousa é a tese que veño de asentir, e outra ben distinta é o fraude que significan posicións como as que situo no entroitto deste texto, isto é, exercer de xastre para construír un Reboiras a medida. Ou, se se quer, de xeito aínda máis claro, imponse combater todo canto significa manipulación, mitificación ou apropiación indebida, para resgatar/ aproveitar nos tempos de hoxe, a experiencia política dun momento chave no proceso de creación teórica e articulación organizativa do nacionalismo actual.

Sabemos que Moncho Reboiras entra en contacto co nacionalismo a través do movemento cultural. É coñecido que o noso camarada adicou os seus primei-

ros esforzos militantes, por encomenda da dirección do Partido, a artellar e facer unha realidade plausíbel; a Fronte Cultural. Non ten sentido aquí someter a análise o traballo cultural do nacionalismo, e moito menos someter a valoración certa cultura que se fai desde o nacionalismo ou a visión asentada a respecto da mesma. Urxe, é tarefa que non resiste demora, adicar cadros e esforzo a este labor, porque o traballo cultural segue a ser a vía máis doada para a ideoloxización da nosa sociedade, para a toma de conciencia por parte do noso pobo sobre a pertenza a unha realidade diferenciada, e tamén para afortalar os sinais identitarios que dan corpo á base material da nación.

A ninguén se lle escapa que o momento político determina o método de loita. Reboiras malamente se podía ter adicado ao traballo institucional, fundamentalmente porque na altura que lle tocou vivir, a representación pública non dependía do resultado das urnas. Isto ten a súa importancia nun momento en que o nacionalismo galego adica un plus fundamental das súas enerxías ao traballo institucional, traballo que cómpre facer pero, sobre todo, traballo que ten que render. Así e todo, non deixa de ser preocupante,

torpeza?, matinar que unha xestión máis ou menos brillante nun goberno calquer ou unha intervención de gran fondura nun Pleno, sexa cal for a institución, vai server de algo se non existe base social que a sustente, que se identifique con ela ou que a divulgue. Isto que parece obvio, non o é tanto, se non percibiríamos unha tendencia a secundarizar o traballo social respecto do institucional. Son as dúas caras dunha mesma moeda, o termómetro para medir o que avanza unha alternativa é o degraio de pobo que organiza detrás dela, unha alternativa avanza cando ten pobo organizado ao seu arredor. Esa foi a grande preocupación de Reboiras.

O movemento sindical nacionalista é o que é pola aportación dos seus milleiros de afiliados, polo compromiso que -con máis ou menos intensidade- lle adicaron e tamén polo contributo de Moncho. Non engadiríamos nada falando daqueles primeiros xermes sindicais, nin dos textos, algúns da autoría de Reboiras, cos que o nacionalismo comenzou a tomarlle o pulso a un campo de xogo que lle fora tradicionalmente alleo. Que testemuño o informe sobre a represión en Ferrol!, após as folgas do 72, onde -por certo- aparece

como único represaliado en Ourense o actual Secretario Xeral do Partido! Interésanos, pola contra, facer fincapé no xeito en que Moncho entendía a militancia obreira, como parte do seu compromiso nacionalista, o sentido que lle daba ao traballo sindical, *“a función dun sindicato verdadeiro é defender os intereses inmediatos dos traballadores”* (Eixo, nº1, Xuño 1974), a crítica á abstracción e ao vangardismo, a denuncia do obreirismo *“que desvíaa á clase obreira da alianza coas clases populares, necesarias para illar ao enemigo”* (TeT, Setembro 1972). Nun tempo en que a tendencia é a parcelar as loitas, un pouco de pouso globalizador e outro pouco de dopping tipo Negri, no que a moda a nivel internacional, canto aburres Lyotard, chama a fragmentar os conflitos en compartimentos estancos (épocas de resaca), onde se etiqueta polos calos non pola ideoloxía; canta vixencia e canta frescura rezuma Reboiras!

Afirmase no editorial do Terra e Tempo do Nadal-Xaneiro de 1972/1973 *“...o pobo galego é capaz de elaborar a súa propia liña revolucionaria... Iso é o que pretende a UPG: non copiar en materia de revolución porque é a morte da revolución”*, e este traballo de dotar dun corpo doutrinal coherente ao nacionalismo galego, ocupou

tamén á primeira e á segunda fornada xeracional do noso Partido. Xa que logo, non é complicado seguir con precisión o pensamento ideolóxico-político de Moncho a través da lectura dos textos partidarios. A crítica ao sectarismo e dogmatismo “*(desviación de esquerda) que alonxa ao partido das masas e da súa realidade cotián*” (TeT, Marzo 1973), a necesidade dunha liña política verificada pola práctica, o fundamental de artellar unha fronte que agrupe ao conxunto do pobo galego ou a defensa dunha vía galega ao socialismo e para reforma do Estado.

A Unión do Povo Galego, a altura de Outono do 74, nun documento so o título “Encol da chamada Junta Democrática de España”, amosa xa unha madurez política, estando presentes os eixos cardinais que lle dan sentido a alternativa nacionalista até hoxe en día. Isto é, a defensa da autodeterminación de Galiza, o Estado plurinacional, un modelo de Europa distinto ao definido polo capital trasnacional “*¿Como se pode loitar polos intereses económicos de Galiza e defender ao mesmo tempo a nosa entrada no Mercado Común Europeo cando se trata da unión dos grandes capitalistas monopolistas?*”. Nada do que vimos de referir nos sona reseso ou

demodé, mais pola contra, aseméllanos a proteína que nutre no día a día a práctica política de moitos e moitas de nos. Esta andamiaxe ideolóxica, era a andamiaxe que sustentou a loita de Moncho Reboiras. Non nos une a ela a nostalxia, nin a querencia polo pasado, outravolta o noso apego devén da súa actualidade e a súa corrección. Todo aquilo que non funcione debe ser modificado, pero modificar aquilo que funciona sería de paifocos.

Xosé Ramón Ermida Meilán,
membro do Comité Central
da Unión do Povo Galego

Xosé Ramón, “Moncho”, Reboiras, a pegada inmorredoiira.

Unha achega biográfica

“Non enterran cadavres, enterran semente”

Daniel Castelao

Xosé Ramón Reboiras Noia naceu o 19 de xaneiro do 1950 en Imo, a cabalo entre o agro e o mar. Estuda como a maior parte dos nenos da zona na escola unitaria de Imo. Eran os tempos nos que o agromar, outra volta, do sentimento nacional da Galiza, aínda que na clandestinidade, estaba a se reorganizar logo da queda que suporía o golpe militar-reaccionario do 1936.

No exilio suramericano morrera Castelao no 1950 deixando como albacea da Galiza republicana ao Consello da Galiza que nacera seis anos atrás en Montevideo. Aquén terra o galeguismo de corte piñeirista, pola súa banda, e logo de que no 1950 nacera a editorial Galaxia, botará a andar proxectos como a *Revista de Eco-*

nomía de Galicia ou *Grial*, desenvolvendo cada 25 de xullo unha misa adicada a Rosalía de Castro. Pola outra banda, o nacionalismo propiamente dito e de corte marxista comezará a tomar forma, presentándose como embrión desta opción o grupo Brais Pinto, constituído en Madrid da man de Bautista Álvarez, Bernardino Graña, Alexandre Cribeiro, Raimundo Patiño, X.L. Méndez Ferrín, Ramón Lourenzo, Herminio Barreiro, Xosé Fernández Ferreiro e César Arias, grupo que ao pouco medraría. Corren os finais da década dos cincuenta.

En procura dunha mellor situación económica, e con tan só nove anos, Ramón Reboiras marcha cos pais, José e Generosa e o seu irmán Manuel, un ano máis novo ca el, a Vigo cara 1959. Os seus proxenitores botarán a andar o Bar Noia “Viños e comidas. Café expres” na barriada popular de Teis. Este, noutrora concello de seu, ficara convertido, froito da industrialización e o medre da cidade olívica, nunha sorte de cidade dormitorio. Neste contexto eminentemente proletario, no que sobrevive a realidade labrega, o mozo Ramón observa e padece a opresión de clase. Polo Bar *Noia* pasaban ducias de obreiros diariamente. Alá xantaban os traballadores de Rodolfo Lamas,

empresa da construción e Vulcano, empresa adicada ao mantemento e, co tempo, construción de buques, construción de caldeiras para distintas aplicacións, etcétera. Os irmáns Reboiras, que axudan á nai a levar o negocio familiar, confróntanse coa realidade do mundo fabril. A isto súmaselle o feito do pai ter que embarcar en petroleiros e mercantes noruegueses, para mellorar a economía familiar, exercendo de “*motor-man*”, maquinista de bordo.

Moncho era un mozo responsábel, un estudante aplicado, deportista, moi observador e, desde cedo, irá tomando unha crecente preocupación e compromiso coa realidade que o circunda.

Neste tempo chegan a Vigo as novas dos conflitos de Castrelo de Miño no 1965 nos que participa activamente á recén criada un ano atrás *Unión do Povo Galego* (UPG). En Castrelo a UPG, herdeira do grupo Brais Pinto (1958) e do efémero *Consello da Mocidade* (1963), e que condensará a simbiose entre nacionalismo e marxismo, participa en contra das expropiacións de terras aos labregos da zona que estaba a propiciar a empresa Fenosa diante da construción dun encoro para obter gaño a través da produción de enerxía hidroeléc-

trica. Editando a recén nada organización nacionalista o histórico *Denuncia* intitulado *Fenosa contra os labradores do Castrelo de Miño*. E chegan tamén a Vigo as informacións do paro obreiro dunha hora que se efectivizará na empresa *Barreras* de Vigo pola mellora das condicións laborais dos operarios así como máis tarde dos conflitos na Universidade compostelá.

Nesta altura os irmáns Reboiras compatibilizan o traballo no bar familiar cos seus estudos en diversas academias de Teis. Nesta altura, concretamente no ano 1965, a Garda Civil asasina a un dos últimos guerrilleiros anti-franquistas que se botaran ao monte a partir do 1939. Estaba viva a experiencia republicana e a barbarie militar desencadeada desde o 18 de xullo do 1936 sobre o país; e que levara á clandestinidade na Terra -para alén dos que tiveran que se exiliar e dos miles de asasinados- e á loita con escasos medios de non poucos compatriotas. No caso do Piloto o seu asasinato nesta altura remitía a máis de quince anos de resistencia.


Será na segunda metade da década dos sesenta cando chegue para Moncho a organización no seu barrio de adopción. Será no marco da Asociación O Castro,

terra e tempo

numero especial

VOCEIRO DA UNIÓN DO POBO GALEGO

GALIZA



marzal
1972



un
mes
de

REPRESION

Documento en cuxa redacción participou Reboiras

logo do contacto co xesuíta Xaime Seixas Subirá, o Padre Seixas. Seixas fundara e dirixira a devandita entidade e fora quen presidira en Santo Domingos de Bonaval, o Día da Patria do 1965, a primeira misa no idioma propio da Galiza apoiada, por certo, por Quiroga Palacios... Naquela misa o padre Seixas aseverara na súa homilía a necesidade da “...esperanza nun mundo mellor para os doentes deste mundo, para os pequenos, amados por Cristo, para os asoballados polas inxustizas dunha vida que para moitos aínda é morte...”. Estas palabras remítennos ao ideario de compromiso en particular cos oprimidos de Xaime Seixas e, por extensión, fálanos do amplo fondo do movemento polas misas en galego. Un compromiso que levara ao padre Seixas a fundar en Burgos, destino previo ao regreso á Galiza, a *Vanguardia Obrera Juvenil* e *Vanguardia Obrera y Social*. E xa en Vigo, como quedou dito, artella o grupo do que forman parte os irmáns Reboiras na Asociación O Castro dándolle, tamén, pulo a Asociación de Antigos Alunos (AAA) dos xesuítas (pobres).

Estes grupos, e os irmáns Reboiras, como a maior parte dos rapaces deste tempo, irían as fins de semana, como se dunha romaría se tratase, por diversas vilas e

idades da Galiza, de clube parroquial en clube parroquial a desenvolver os ‘exercicios espirituais’ e as devanditas misas en galego. Moncho e Manolo Reboiras eran xa daquela estudantes no instituto Santa Irene de Vigo. O idioma propio do país presidiría os actos creando un espazo de liberdade e liberación. As contradicións afloraban; a contraposición da normalidade do propio nestes actos face a represión que se vivía na rúa era unha forma de tomar consciencia da situación xeral do país de maneira, polo demais, acelerada. A finais dos anos sesenta Moncho terá unha consciencia nacional e de clase conformada e que engordaba día a día. Unha vez tomada esa consciencia, aproveitando a participación dun número elevado de mozos e mozas nestes encontros cristiáns de base, cumpría ideoloxizar, convencendo con argumentos e análises atinadas da realidade, para gañar simpatizantes e organización para o nacionalismo.

Nesta orde de cousas, tras o traballo no Castro virá o traballo na Asociación Cultural de Vigo. A pertenza aos devanditos grupos daba unha cobertura “legal” á incipiente actividade política nacionalista organizada. Por outra banda facilitaba o contacto cun elevado


número de rapaces e rapazas xa non só de Vigo e bisbarrá senón de distintos puntos da xeografía galega. A Asociación Cultural de Vigo, desde mediados dos anos sesenta en diante, será o punto de encontro na zona da oposición franquista, maioritariamente nacionalista, da que xurdirán contactos para se nutrir o nacionalismo organizado por esa cobertura legal que supuña da actividade proselitista e de formación patriótica e de esquerdas da que falamos. Malia a isto numerosos actos foron censurados e prohibidos, algo que experimentaron outras entidades semellantes e que naceran na mesma altura en Compostela, coa Asociación Cultural O Galo, en Viveiro con Sementeira, en Ourense coa Auriense ou en Ribadavia con Abrente, entre outras.

Corría o 1969 e, en pleno estado de excepción da férrea ditadura franquista, os irmáns Reboiras integraríanse na Unión do Povo Galego (UPG). Xa organizado Moncho na UPG seguiría a traballar no marco da Cultural de Vigo, no proselitismo, na suma de simpatizantes, primeiro, e militantes despois para o Partido e, en consecuencia, para o nacionalismo organizado. Logo da peregrinaxe realizada ao abeiro do Padre Seixas, atrás ficaban múltiples contactos

IRM - UDB - UPG

MOVIMENTO REPUBLICAN IRLANDES
UNION DEMOCRATICA BRETONA
UNION DO POBO GALEGO

DECLARACION ENCOL DA LOITA
CONTRA O COLONIALISMO
NA EUROPA OCIDENTAL



EDICIONS TERRA E TEMPO

Documento asinado o 3 de febreiro de 1974 polo IRM a UDB e a UPG que sería o precedente da Carta de Brest.

por toda a xeografía nacional, no mundo do traballo e, sobre todo, na Universidade. Optimizando ao máximo os recursos proporcionados polo padre Seixas e polo grupo Penzol, probabelmente, neste último caso, sen moita consciencia de para que eran utilizados. Estes anos serían decisivos, de tal xeito que este traballo cristalizaría, por unha banda, para alén do medre da UPG como tal, na posta en marcha e desenvolvemento dos denominados “xermes sindicais” e logo da Fronte Obreira no 1973 e que darían paso á constitución en maio do 1975 do Sindicato Obreiro Galego (SOG). Así mesmo, lembremos que no agro, xa no 1973 o mesmo proceso de organización se dará a través das Comisións Labregas (CCLL), logo do antecedente dos Comités de Axuda á Loite Labrega, tendo como responsábel nesta tarefa a Ramón Muñiz de las Cuevas.

Por outra banda o traballo no que se achaba mergullado Moncho Reboiras tamén, ao pouco, derivaría na denominada Fronte Cultural, apresentando e, en consecuencia, nacendo publicamente a Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG), tamén en maio do 1975 ao igual que o SOG.

Moncho desenvolverá un labor fundamental na xestación e primeiro desenvolvemento da Fronte Cultural. En particular Reboiras promoveu diversas reunións con contactos de entidades que operaban no plano cultural, cun compromiso nido coa normalización do país e a loita anti-franquista. Entre estas xuntanzas cumpre resaltar a que probabelmente foi a xuntanza fundacional da Fronte nun encontro clandestino baixo a presenza de Reboiras na Igrexa de San Martiño de Noia, ao pé da praza do Tapal, con persoas chegadas de diversas localidades do país. Tratábase de articular un forte e coordinado movemento cultural encamiñado cara a normalización nacional, coa recuperación das nosas letras, da nosa lingua, historia, etcétera. Tratábase de aplicar, sen mimetismos, no país a teoría das fronte (política, obreira, cultural...).

Moncho tiña daquelas arredor de vinte anos e era estudante na Escola de Enxeñería Industrial de Vigo onde, entre outros, terá como profesor a Xaime Illa Couto, militante durante a II República de *Utreya* e as *Mocedades Galeguistas*. Neste centro é cofundador da publicación “Des...tornillo”, que cumpre a función de aguilloar nas consciencias dos seus compañeiros estudantes.

Xosé Ramón Reboiras, coñecido con varios alcumes entre amigos de aulas e militantes, como Peliños, Licho ou Rianxo, gostaba de predicar co seu exemplo. Sabía da necesidade dunha serie de estruturas para o lanzamento de diversas actividades encamiñadas cara o conxunto do pobo galego e a súa conscienciación e organización política. Era do grupo de militantes que ficaban na vangarda.

Precisamente nos estudos era tamén exemplar, ao igual que na militancia. Polo seu bon expediente na Escola de Enxeñería é bolseiro para traballar na empresa Barreras de Vigo. A súa inclusión nesta empresa fai que Moncho coñeza en maior medida a realidade laboral e a explotación de clase.

Neste contexto acentuase a represión franquista. Chega o ano 1972. Un ano decisivo. En Vigo e Ferrol desenvólvense importantes e numerosas mobilizacións obreiras. En Vigo, para nos darmos conta da magnitude dos feitos e do contexto, 30.000 operarios, segundo a prensa da época controlada ferreamente pola policía, pararon de traballar durante dúas semanas, aplicando técnicas de guerrilla urbana nas rúas nalgún caso. Moncho asumirá un compromiso fundamental nas mobili-

zacións de Vigo. En Ferrol son asasinados os traballadores en folga Amador Rei Rodríguez, con impacto de bala no peito, e Daniel Niebla García, por un disparo na caluga. Máis dunha centena de operarios serían feridos e hospitalizados. Represaliados un número elevado de traballadores. Aliás, a represión esténdese, en forma de detencións, sancións económicas, académicas, etcétera, por diversas localidades do país.

Tras estes duros acontecementos correspondeulle a X.R. Reboiras a coordinación de contidos e liña editorial dun dossier informativo sobre o contexto de represión desenvolvido ao longo do mes de marzo. Logo, reeditárase o dossier en París como *Terra e Tempo especial*; confeccionado totalmente, como dicimos, na Galiza coa excepción da capa, que se deseñaría da man dun contacto portugués do grupo parisino do Partido. Sinalábase neste dossier/TT a respecto dos acontecemento que "...a gama dos feitos comprende asasinatos, feridos de bala, torturas físicas e morales, encarceramentos antixurídicos e multas increíbles".

Neste contexto Reboiras será o encargado de negociar con *Organización Obreira*, conformada arredor de Barreras, Freire e outras empresas, a súa integración na

UPG. Aínda que non foi frutífera a negociación o certo é que non eran poucos os militantes de *Organización Obreira*, e que viñan das *Comisiones Obreras* e das *Juventudes Comunistas*, que simpatizaban coa UPG, tendo a Moncho como un referente. As relacións plantexábanse de tal xeito que, mesmo, como ben lembra un militante noutrora de *Organización Obreira*, Moncho foi quen proporcionou anteriormente ás negociacións a infraestrutura para artellar o aparello de propaganda estoutra organización sindical.


Eran os tempos nos que os nacionalistas naquela cidade frecuentaban o Bar Elixio, o Vigo da editora Castrelos de Xosé María Álvarez Blázquez, dos libros que se mercaban baixo corda nas librarías *A Esmorga* de Pepe Ulloa ou *Librouro*, de Antón Patiño, quen se facía con todo o que os galeguistas exiliados en América do Sul editaban: o *Sempre en Galiza* de Castelao, o *Vida, Paixón e Morte* de Álvarez Gallego...

Nesta altura a UPG ia clarificando cal tiña que ser a súa función no marco da “revolución nacional-popular galega”, no marco do proceso soberanista galego. Deixaba a organización a concepción de partido-fronte para pasar a actuar como partido-vanguardia do move-

**«que importa que nos maten
si deixamos semente de vencer»**

ARQUIVOS
DA UPG

MONCHO



**militante revolucionario pola liberación nacional
e social do pobo galego, asesiñado pola
ditadura terrorista do Estado Imperialista
Espanol. (Ferrol 12 Agosto 1975)**

UPG (UNION DO POBO GALEGO)

Cartel editado pola UPG en setembro de 1975.

mento nacionalista galego; un partido definitivamente de corte marxista-leninista. Moncho Reboiras tivo neste anos unha grande importancia na “proletarización”, diríamos, da UPG. Para o caso significa que a Unión do Povo Galego nesta etapa vai ver, diante da súa práctica teorética e da súa acción, como unha mesma realidade a explotación de clase e a explotación nacional (colonial). E por isto a importancia da organización da clase obreira e dos asalariados en xeral.

Moncho polo seu compromiso coas mobilizacións en Vigo, especialmente en Barreras, onde ficaba cunha bolsa como enxeñeiro, será expedientado e expulsado da factoría. De Barreras marchará a *Álvarez*, tamén en Vigo, e ao pouco, xa sen vinculación cos estudos rematados, sen bolsa, marchará para A Coruña. Neste altura, cara xuño do 1973, redacta Moncho xunto a Manuel Lima o *Borrador provisional pra discutir sobre das bases dunha organización dos traballadores asalariados a nivel sindical*. E que, aínda que se falaba da posta en marcha da organización *Unión dos Traballadores*, sería o documento embrionario do SOG, creado dous anos máis tarde. Meses antes a UPG viña de sufrir un golpe mais non tan duro como alguén ten rexistrado. A

Garda Civil di desarticular en xaneiro o aparello de propaganda, incautando unha multicopista e pouco máis, que tiña a organización en Cangas do Morrazo, na vivenda de Carme Graña. “Carme de Cangas”, traballadora nesa altura do interesante proxecto cooperativo COGALGO, lograría fuxir á capital francesa ao igual que outros integrantes da UPG nesta bisbarra e que se refuxiarían noutras zonas, como Portugal, dando a policía na maior parte dos casos paos de cego. A estrutura, deseñada en grande medida por Moncho Reboiras, funcionou á perfeizón.

Moncho, membro do Comité Central da UPG e do seu Comité Executivo, sabía que era preciso artellar noutros puntos da xeografía galega pequenas estruturas de obreiros (xermes sindicais) e simpatizantes e militantes nacionalistas. Así se convén a nivel partidario asumindo Reboiras, xunto a outros compañeiros e compañeiras, unha responsabilidade crucial.

Na Coruña traballará como obreiro en *Intelsa*, convivindo nun piso con Manuel Mera, que chegara da Arxentina (e que estaba para artellar en Compostela *Estudiantes Revolucionarios Galegos*, ERGA) e con Manuel Fernández Rodríguez, ‘Manolo de Remesar’. Na Coruña

será onde coñeza a Elvira Souto, quen aínda que organizada non o estaba no nacionalismo. Faría o propio logo dunha xuntanza co propio Manuel Mera. Moncho pasará inmediatamente á clandestinidade. Era coñecida pola policía a súa actividade militante e as súas dotes de organizador polos conflitos de marzo. Da Coruña marchará para Ferrol. Lograrase artellar unha estrutura mínima na cidade herculina e cumpría contar cunha mínima estrutura en Ferrol, onde *Comisiones Obreras* e o *Partido Comunista Español* tiñan grande forza.

Na cidade departamental Reboiras consegue traballo nunha empresa auxiliar de *Bazán*. Era necesario, logo de tecer en Vigo e A Coruña unha serie de contactos e deixar unha estrutura estábel de militantes e simpatizantes, contar en Ferrol cuns contactos que permitiran estender o ideal nacionalista e de auto-organización entre a clase obreira. Eran os “xermes sindicais” aos que nos referimos e que conformarían o antedito Fronte Obreiro e o *Sindicato Obreiro Galego* no 1975.

Xosé Ramón Reboiras traballará en Ferrol en *Isolux Naval* como electricista, empresa subcontratada por *Astano*. Moncho fará por milicias o servizo militar obrigatorio. Durante a prestación da mili en Figueiri-



En primeiro termo Lois Diéguez lendo un poema, perto del, Bautista Álvarez, no cemiterio de Imo no segundo aniversario do seu asasinato.

do Moncho, corría o ano 1972, estivo a piques de ser interrogado pola policía que lle seguía a pista e, máis que probabelmente (algo que naquela altura estaba asociado ás interrogacións) torturado da man do xefe da policía en Vigo Waldo Mazaira. Grazas ao capitán do campamento, que mentou a xurisdición da que el era o responsábel máximo, Moncho no foi interrogado finalmente.

Neste contexto, e sen perder a experiencia represiva de marzo en Vigo e Ferrol, é no que se toman dúas importantes determinacións por parte da Fronte Política, da UPG, e avanzando no desenvolvemento da teoría das fronteas. Así chégase ao convencemento, por unha banda, da “...necesidade de crearmos un fortísimo bloque nacional-popular que encadre a toda-las forzas politicamente antifeixistas e antioligárquicas que poda darlle a batalla ao réxime asesino...” por outra banda, e entendendo a “...necesidade que o pobo ten de pasar a formas máis avanzadas de loita...”, enténdese que Galiza precisa dunha avanzada “...que apoie cada un dos movementos e loitas de masas...”. Entendíase necesario que nese contexto represivo, no que a clase traballadora, así como os

labregos viñan sendo o obxecto da represión franquista, de tal xeito que "...as masas se sintan protexidas e respaldadas nas súas loitas...". É a altura na que se clarifica a función da UPG, como sinalamos, deixando a concepción de partido frentista para asumir a responsabilidade de partido-vanguardia da loita de masas que artella, unha vez detectada a súa necesidade, unha fronte nacional-popular, presidida pola alianza de clases. En palabras daquela altura e da manda UPG "...o Partido Comunista é o destacamento de vangarda da clase obreira (...) namentras que a unión desas clases (...) pretende (...) conquistar un Estado que defenda os seus distintos intereses de clase, un Estado de democracia popular...". Isto é a "...FRENTE... a alianza estratéxica dos obreiros, labregos, mariñeiros, pequena burguesía e burguesía nacional". Así mesmo danse pasos importantes na, diríamos, internacionalización do conflito e na aprendizaxe mutua a respeito de outras experiencias de descolonización e loita pola soberanía nacional. Nesta orde de cousas no 1974 asínase a Carta de Brest. Este documento representa para a UPG "...un paso adiante na descolonización de Europa..." e no "...camiño cara a revolución proletaria". Xunto a organización galega estaban

a bretona *Unvaniezh Demokratel Breixh*, o *Irish Republican Movement* irlandés, e ao que sumarían, con posterioridade, entre outros, a galesa *Cymru Goche*, o catalán *Partit Socialista d'Alliberament Nacional (Provisional)* e o vasco *Herriko Alderdi Sozialista*.

Por outra banda, e facendo referencia á segunda determinación, asúmese a responsabilidade de artellar un grupo operativo que terá por función a incautación, “expropiación”, de multicopistas para alimentar o ‘aparello de propaganda’ da UPG, así como fondos económicos para ampliar o resto do movemento. A falta de recursos materiais, de infraestrutura para a acción política, era elevada. Este grupo será un reforzo importante na loita fronte a ditadura e servirá de complemento, en definitiva, da Fronte Política, Obreira e Cultural.

Un ano despois da experiencia de marzo do 1972, coincidindo co aniversario dos asasinatos e represión en Ferrol, Vigo e outras localidades con menor intensidade, a UPG a través do *Terra e Tempo* chama “...ao pobo galego a faguer aitos de solidariedade cos obreiros do Ferrol aicios de loita contra o reximen feixista-centralista de Franco”. Será o “10 de marzal. Día dos obreiros heroi-

cos”. Antecedente do que hoxe coñecemos como Día da Clase Obreira Galega.

Moncho desde esta altura, e fora do cuartel de Figueirido onde, como dixemos, facía a mili por milicias, estará na clandestinidade. Desde o 1973 até o 1975 Reboiras irá contactando con distintos militantes e simpatizantes que irán, gradualmente, chegando á militancia plena. O grupo operativo do que Moncho era responsábel fará notar a súa presenza en diversos puntos da xeografía nacional. En paralelo, abríase, sen dúbida, un tempo de esperanza. A “Revolução dos Cravos” portuguesa, na que diversos grupos cos que a UPG tiña unha intensa e estreita relación, foron determinantes, feito que axudou a pensar que estaba máis perto para a Galiza a liberación nacional e social; o que insuflaría á militancia nacionalista unha dose importante de optimismo.

Nesta orde de cousas, o 11 de agosto do 1975 a policía artella unha operación que ía dirixida ao dismantelamento do devandita grupo. En Ferrol coincidía Moncho Reboiras nun piso franco no que ficaban aloxados dous militantes da Fronte Política da UPG. Estes, Elvira Souto Presedo, a primeira secretaria xeral da UPG e Lois Ríos, primeiro secretario xeral da futu-

ra *Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos* (INTG), estaban na cidade departamental para faceren contactos e grupos organizados de simpatizantes e militantes, co tempo, para a UPG e a Fronte Obreira.

Desde a tardiña do 11 de agosto comezaron os tres a detectar movementos estraños na rúa. Era a policía que estaba a cercar a vivenda na que estaban estes militantes na Rúa da Terra ferrolá. Contodo, a policía non sabía se había alguén no piso nin cantas persoas podía haber. De feito, controlaban dun lado as posibles saídas e doutro agardaban que alguén acudise ao piso franco. Axentes da Brigada Político Social (BPS) xunto a perto de 300 afectivos da Policía armada cercaron o edificio onde estaban estes militantes da UPG. De madrugada os policías forzaron a porta do edificio no que se achaba Moncho cos camaradas e subiron as escaleiras para entrar na vivenda onde ficaban os militantes da UPG. En paralelo a policía, segundo a prensa local, fixera que non quedara taxi algún en Ferrol, procedendo a diversos rexistros pola rúa e vivendas particulares; destacando o cerco e posterior rexistro da *Domus Ecclesiae*. As posibilidades de escapar do cerco eran practicamente nulas. Así o avalían os tres que,



Marisa e Manolo na saída da Coruña e a chegada en Monforte tras ser amnistiados en 1977.

para ter algunha posibilidade, deciden separarse na fuxida. Dende un patio común existente na parte traseira do edificio Moncho encaramase cara aos tellados colindantes coa esperanza de lograr chegar á rúa. Lois e Elvira conseguen pasar a outra vivenda a través dun patio interior. Reboiras, que tamén pasa a outra vivenda noutro edificio, por medio dunha claraboia, consegue centrar sobre del a atención da policía, circunstancia que facilita a situación dos outros camaradas que, doutro xeito, non terían posibilidade algunha de saír. A BPS que contaba atopar no piso máis militantes, mantivo toda a mazán rodeada ata a media mañá do día 12, efectuándose rexistros nas vivendas colindantes e levantándose o cerco cando a policía perdeu a certeza de que no piso franco poidera haber naquel momento outras persoas ademais de Moncho, das que non había rastro, por teren sido eliminadas previamente. Por aquela hora xa Moncho ficaba morto.

Moncho, logo de horas de tensión nas que a policía fai uso sen cesar das pistolas e metralladoras, cae por diversos impactos de bala cando se agochaba nun portal. O seu corpo aparecía no portal con varios impactos; un deles, segundo informe do forense, na

caluga. O desenlace parecía dar conta da intención macabra do feito. Tras o asasinato de Xosé Ramón Reboiras, en Ferrol proseguíuse cos rexistros en diversas vivendas; de nacionalistas, persoas de esquerdas e demócratas ligados aos movementos cristiáns, sindicais e sociais, entrando, mesmo, no domicilio do párroco de Canido.

En distintos puntos da xeografía nacional foron detidos militantes e simpatizantes da UPG, caso de Margarita Vázquez Veras, que contaba con vinte anos de idade e Xosé Luís Villaverde, de corenta e un anos, detidos en Vigo ou Amparo Carracedo, enfermeira de trinta anos detida na Coruña, así como Xosé María Brañas Pérez, traballador de vinteseis anos, detido en Guntín, María Luísa Vázquez Barqueiro, traballadora que contaba con vinteoito anos, Manuel Fernández Rodríguez, traballador de vintedous anos, e Xoán Manuel López Álvarez, de vinteseis anos e estudante de Ciencias Biolóxicas detidos na Coruña. Estes últimos catro militantes da UPG ficarían no cárcere até a amnistía do 1977.

Da man deste duro golpe á UPG ficaba desmantelada case a totalidade da infraestrutura que existía de pisos francos e aparello de propaganda.

Internacionalmente foron diversas as entidades que enviaron adhesións de solidariedade coa familia de Moncho e coa UPG, nomeadamente os asinantes da Carta de Brest.

Co asasinato de Xosé Ramón Reboiras Noia o nacionalismo entra nunha fase de reestruturación forzosa diante da situación de desmantelamento e de forte represión que estaba a padecer. Virá un novo contexto, o da mal entendida e mal explicada “reforma” e “transición” política. Contodo aseveraba no Terra e Tempo correspondente ao mes de agosto do 1975, diante do asasinato do militante nacionalista, “...os militantes da UPG sentimos no máis fondo a morte diste camarada, recollemos o seu exemplo e continuamos o seu combate hacia a total Liberación Nacional e Social da Nosa Terra. Iste é o mellor e máis grande homaxe que lle podemos facer ao noso tan querido Moncho.

A LOITA CONTINÚA! VENCEREMOS”

Uxío-Breogán Diéguez

12 de Agosto do 2005

30 anos despois

**Poema/homenaxe
a Xosé Ramón Reboiras Noia**

Manuel María

(Do libro «Poemas para construír unha Patria», 1977)

XOSÉ RAMÓN REBOIRAS NOIA,

amigo, camarada, estrela
vermella-azul-branca no mencer
prometedor da nosa patria,
heroe en tempo de traizón,
corrupción/covardía,

martelo

proletario,

remo

con saibo a sal e iodo;
fouce labrega/vingadora;
espiral que vén dendes do
fondo do tempo para abrirse
en claridade e futuro.

Ti eres

a pedra=mestra para
re-EDIFICAR a nosa casa.
Puideron segarche a vida,
¡ouh, Moncho, meu irmao!,
a – se – si – nar – te.
O que eles non puideron,
nin poderán endexamais,
é arrincar/esmagar a
semente que deixache

esparexida no corazón
do pobo,

na vixiante
concencia colectiva
e que
xa está a agromar en
patria-ceibe/socialista.
Esta é, ¡ouh, camarada,
amigo e irmao

i

nes

quen

cí

bel!

a túa vin-gan-za,
a nosa
vinganza i-ne-xo-rá-bel.

MANUEL MARÍA

(Do libro «Poemas para construír unha Patria», 1977)

Compañeiro Moncho

Lois Diéguez

(12 agosto de 1977)

Que palabras poden explicar a túa ausencia,
compañeiro.

Que palabras, meu capitán,
poden chorar o asasinato
que nos deixou espidos fronte
ás mans ensanguentadas
dos fillos do Tio Sam.

As paisaxes silenciosas
quémanse hoxe na luz esmorecida
deste agosto ardente.

Aldeas tristes
tecen flores murchas cando a túa chamada
percorre as corredoiras
nas pombas-octavilla
que as mans dos que te choran
deixaron pola noite.

Que forza vai ter a palabra
despois da noite da metralla
a buscar
o teu sensíbel corazón de auras
e rostros luminosos.

Como hai que traballar a palabra, agora,
amigo dos souts e das penas,
a nosa voz de pregos e feridas,
o noso idioma metrallado
que ti erguiches co orgullo
que dá a consciencia do ser,
nunha bandeira.

Como hai que traballar a palabra,
dime, Irmandiño deste novo tempo,
para convocar
os homes e mulleres que deron o sangue
pola Patria,
polo pan,
polo amencer de luz que vence o medo.
Como hai que blindala, compañeiro,
para que non nola envelenen as arañas
ou se bote nas maseiras dos imperialistas
e vendidos.

Na noite violada arderon as ás
das bolboretas traizoadas.
Chegaban urros de labregos
cando as badaladas de lume
calcinaban as súas airas.

As sombras da noite cravaban gadañas frías
nos lousados de Ferrol.

E ti, meu capitán,
corrías
aceirando o xardín madurecido
do teu peito.
Ían os fascistas na procura,
ouveando como os cás
de todos os imperios afrontados.

Mozos galegos ficaban no peirao,
na praza pública, a expoñer o seu corpo
como escravos
ao capital de cada día.
Non te ouvían, atarefados eles
na poxa das súas vidas.
Non podían.

Como un anxo negro
alancaba o silencio polas rúas
e nos teus ollos cerrábase
o pranto dos desposuídos.
O lume de agosto chovía en carambos
como unha despedida de foguetes brancos.
Xa te acollía o portal da casa popular,

a porta feminina que te protexía.
A noite bradou baixo as pistolas asasinas.

Mariñeiros navegaban lonxe
o furacán e a onda.
Non viría o peixe pola amañecida.

A cidade, Xosé Ramón Reboiras,
estremeceuse co eco dos disparos
que alumearon
o tráxico portal
no que caíches.

Ouh, caravel ensanguentado.
Ouh Castelao, ouh Roi Xordo, os de Nebra e Sofán...
encollidos no silencio da ruína.

Ouh Ferrol, Ferrol,
remo e martelo e zafra,
sangue derramado de
Amador e Daniel,
aínda onte,

aínda onte,

onte.

Nos campos verdes da Galiza
colleitaremos mañá
os vermellos caraveis

dun novo tempo de fachenda
e valentía.

A estrela roxa garda a túa Galiza,
meu capitán,
capitán dos Irmandiños de hoxe,
e escintila potente e cegadora
espallando o seu lume de

LI-

BE-

RA-

CION

por todos os currunchos
desta Patria Nova e Popular
que seguimos a luír coa convicción.

Pensando en ti.

Pensando en ti.

